

Novo marco estratéxico 2026-2030**EROSKI RENOVA OS SEUS COMPROMISOS E CONSOLIDA O SEU
MODELO COOPERATIVO EN SAÚDE, CONTORNA, PERSOAS E
SUSTENTABILIDADE**

- **A cooperativa actualiza a súa folla de ruta estratéxica en consonancia co ciclo que se iniciou en 2018, reforzando un modelo que integra saúde, sustentabilidade e competitividade.**
- **O novo marco impulsa a alimentación saudable, o apoio ao tecido agroalimentario local, o desenvolvemento das persoas e a redución do impacto ambiental.**
- **A gobernanza cooperativa, coa participación das persoas consumidoras e traballadoras, orienta a estratexia cara á creación de valor compartido.**

Elorrio, 2 de marzo de 2026.- [EROSKI](#) presentou a renovación dos seus «5 Compromisos contigo», unha evolución natural dos 10 Compromisos coa saúde e a sustentabilidade que se lanzaron en 2018. Con este novo marco 2026-2030, a cooperativa actualiza a súa folla de ruta estratéxica e reafirma o seu propósito de integrar a saúde, a sustentabilidade e o valor compartido no seu modelo empresarial, fiel á súa esencia como empresa de distribución de base cooperativa.

Os novos compromisos articúlanse arredor de cinco eixes que forman parte estrutural da súa estratexia: fomentar a alimentación saudable; xerar riqueza local e solidariedade na contorna; promover a satisfacción e o desenvolvemento das persoas traballadoras; escoitar e informar ás persoas consumidoras; e mellorar a sustentabilidade ambiental.

Esta renovación prodúcese despois do balance do ciclo anterior, no que EROSKI avanzou de forma estruturada na mellora do perfil nutricional da súa marca propia, na implantación de sistemas de información ao consumidor, como Nutri-Score, no impulso do produto local, no deseño ecolóxico de envases, na redución do desperdicio alimentario e na mellora da eficiencia enerxética e loxística da súa rede comercial.

«En EROSKI, entendemos os nosos Compromisos como unha responsabilidade inherente á nosa condición de cooperativa de persoas consumidoras. Avanzamos na mellora do perfil nutricional da nosa marca propia, na educación nutricional de miles de alumnos e alumnas, no apoio ao tecido agroalimentario local e na redución do impacto ambiental da nosa actividade. Estes avances reflicten un modelo que integra saúde, sustentabilidade e

**EROSKI: Dirección de comunicación
corporativa**

Patricia Martín Sanchidrián

Tel: 946 211 214 comunicacion@eroski.es

INCÓGNITO: Axencia de prensa
Silvia Peralta

Tel: 917 379 950

competitividade na xestión ordinaria do negocio. O horizonte 2030 reforza esta vocación de seguir contribuíndo a unha sociedade máis saudable, máis informada e máis sostible», afirmou **Alejandro Martínez Berriochoa, director de Saúde e Sustentabilidade de EROSKI e director xeral da Fundación EROSKI.**

Resultados que consolidan o compromiso

Unha alimentación responsable, ademais de ser saudable e equilibrada, debe ser accesible e sostible. Actualmente, o 78 % das vendas de alimentos e bebidas de EROSKI correspóndense con categorías aliñadas coa pirámide nutricional, unha porcentaxe que segue gañando peso ano tras ano. Este resultado reflicte o traballo sostido na mellora da composición dos produtos, na reformulación de referencias e na nosa aposta por unha información clara e transparente que facilite decisións de compra máis saudables.

No último curso escolar, máis de 213 000 alumnos e alumnas participaron en programas educativos impulsados pola Fundación EROSKI para a prevención da obesidade infantil. Ademais, centos de miles de persoas consumidoras aproveitan cada ano os contidos informativos, as recomendacións e vantaxes promocionais vinculadas a hábitos de vida saudables a través de EROSKI Club.

No ámbito ambiental, EROSKI avanzou de forma estrutural na redución do impacto da súa actividade e produtos. A mellora da eficiencia enerxética nas tendas e plataformas loxísticas, a optimización dos procesos e a progresiva descarbonización da súa actividade forman parte dunha folla de ruta aliñada co obxectivo da neutralidade climática en 2050, reforzada en 2025 ao obter a súa terceira estrela Lean & Green tras acreditar unha redución do 35 % nas emisións loxísticas desde 2015.

A isto súmase o impulso do deseño ecolóxico de envases e a mellora da capacidade de reciclaxe da súa marca propia, con máis de 600 referencias redeseñadas desde 2020, a eliminación da graxa de palma na súa marca propia e a ampliación de certificacións que garanten a orixe sostible e o benestar animal. No ámbito da economía circular, a cooperativa continúa a reforzar a prevención e doazón de excedentes alimentarios. Só no primeiro semestre de 2025, evitou o desperdicio de máis de 10 700 toneladas de alimentos, que equivalen a 43 millóns de comidas.

O desenvolvemento social e económico da contorna tamén forma parte esencial dos seus compromisos. EROSKI impulsa unha ampla oferta de produtos locais, sobre todo de pequenas e medianas empresas, e acompaña ás familias produtoras para mellorar a eficiencia e a sustentabilidade dos seus procesos. En 2025, o Programa de acompañamento

a provedores chegou a 394 empresas, con máis de 4500 horas de formación en sustentabilidade, reforzando así a competitividade do tecido agroalimentario.

Desde a súa responsabilidade como axente social, a dimensión solidaria segue a ser estrutural no modelo cooperativo. Durante 2025, o Plan de solidariedade canalizou máis de 25 millóns de euros para fins sociais, beneficiando a máis de 280 000 persoas a través de 332 entidades, devolvendo á sociedade parte dos resultados empresariais a través da Fundación EROSKI.

Ademais, EROSKI mantén un diálogo continuo coas persoas consumidoras para coñecer as súas necesidades e ofrecer o mellor servizo na tenda e nas súas canles de contacto. No último ano, atendeu preto de 475 000 consultas, cun índice de resolución superior ao 90 %, consolidando a súa posición como referente en información e atención ao cliente no sector.

Coa renovación dos seus «5 Compromisos contigo», EROSKI reafirma a súa vocación de integrar competitividade, saúde, contorna e sustentabilidade desde un modelo cooperativo único que sitúa ás persoas no centro.

Acerca de EROSKI

EROSKI é un dos grupos de distribución líderes no norte do mercado español (desde Galicia ata Baleares) cunha cota de mercado do 12,7 % nesa zona. É líder no País Vasco, Navarra e Galicia, e colíder nas Illas Baleares. A súa rede comercial, a finais do 2024, suma 1502 establecementos, entre supermercados, hipermercados, cash & carry e supermercados en liña, ademais de gasolineras, tendas de deportes e outros negocios non alimentarios. Ademais, conta con máis de 6,4 millóns de socios clientes e máis de 27 600 persoas no seu cadro de persoal, das cales case 9000 son socias propietarias.

**EROSKI: Dirección de comunicación
corporativa**

Patricia Martín Sanchidrián

Tel: 946 211 214 comunicacion@eroski.es

INCÓGNITO: Axencia de prensa
Silvia Peralta

Tel: 917 379 950